

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2025/5	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	14 de febreiro de 2025
Duración	Dende as 12:47 ata as 13:05 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	David García Lareo (Secretario acctal Decreto 2025-0089)
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 07.02.2025****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento**Concello de Silleda**

Rúa Progreso, 41, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 07 de febreiro de 2025.

Expediente 1937/2020. MODIFICACIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO FUNCIONAMENTO DO VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DE SILLEDA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/04/2024 constitúese, unha Comisión de Seguimento de funcionamento do viveiro de empresas do concello de Silleda coas seguintes persoas:

- Paula María Fernández Pena, Alcaldesa
- Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL do Concello de Silleda
- Soledad Rey Asorey, funcionaria municipal que actuará como secretaria.

Visto que o 30 de xaneiro de 2025 toma posesión como a Sra. Estefanía Taín Surribas.

Visto que o 06/02/2025 por Resolución de alcaldía se lle delegan ás áreas/materias de Xestión da Promoción Económica e Axenda 2030.

Visto que por todo o exposto faise preciso modificar a composición da antedita Comisión de Seguimento Comisión de Seguimento de funcionamento do viveiro de empresas do concello de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Modificar a Comisión de Seguimento constituída por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/04/2024 formada por:

- Paula María Fernández Pena, Alcaldesa
- Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL do Concello de Silleda
- Soledad Rey Asorey, funcionaria municipal que actuará como secretaria.

Segundo.- Constituír unha nova Comisión de Seguimento do Viveiro de Empresas do Concello de Silleda formada polas seguintes persoas:

- Paula María Fernández Pena, Alcaldesa do Concello de Silleda
- Estefanía Taín Surribas, Concelleira de Xestión de Promoción Económica e Axenda 2030
- Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL do Concello de Silleda
- Soledad Rey Asorey, funcionaria municipal que actuará como secretaria.

Terceiro.- Comunicar o acordo ás persoas nomeadas

Expediente 85/2025. Contratacións. “SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2025”

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

I.- Visto o informe de necesidades, elaborado polo Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.

II.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión celebrada en data 30/01/2025, aprobouse o inicio do expediente de contratación DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2025 polo procedemento aberto simplificado.

III.- Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerá este procedemento de contratación, así como o prego de prescricións técnicas.

IV.- Visto o informe de xurídico de data 11/02/2025.

V.- Visto o informe de Intervención de data 12/02/2025.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, do contrato de servizos denominado “SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2025” por importe de 75.335,00 € euros máis 15,820,35 euros de IVE

SEGUNDO. Autorizar, pola contía de 91.155,35 Euros (IVE engadido), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo ás aplicacións previstas no estado de gastos do Orzamento Municipal prorrogado deste Concello para o exercicio 2025.

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas do CONTRATO DE SERVICIOS POR PROCEDUREMTO ABERTO SIMPLIFICADO- CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2025.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación e os pregos de contratación no Perfil de Contratante do Concello de Silleda, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

QUINTO. Publicar a composición da mesa de contratación no Perfil de Contratante, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 140 da Lei de Contratos do Sector Público.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE